

Faro *da* Cultura

A Ponte Vella de Mostar (Bosnia-Herzegovina).

*Búscase cumprir
o disposto pola
Convención
da Haia (1954)*



A destrución do patrimonio artístico é case consubstancial coa guerra. Moitas ruínas gregas, que hoxe admiramos, xa tiñan tal condición cando Atenas contivo a ofensiva dos persas nas Guerras Médicas. E o Partenón ficou arruinado en 1687 por un ataque da artillaría veneciana que fixo branco na polvoreira que alí puxeran os turcos. Serían millares os exemplos semellantes.

Pero esmagar ou espoliar á mantenta o patrimonio alleo responde fundamentalmente a dúas razóns: collelo como botín de guerra e/ou destruír a memoria do inimigo. Outra cousa son as revolucións, que case sempre levan incorporada fortes doses de iconoclasia. Pero tanto, en guerras como en revolucións, cómpre contar a máis con aqueles que aproveitan o río revolto e venden o que non é seu, que sempre

quedará a xustificación que foron “os franceses” de quenda os que o arrampañaron. Como na nosa Guerra Civil, cando uns, coa excusa de queimar imaxes, e outros, coa de protexelas, montaron auténticas redes de contrabando.

Pero a destrución patrimonial tamén pode ser unha arma de aniquilación da memoria. Lembremos a orde dada por Hitler de destruír París coa retirada da Whermacht, afortunadamente desobedecida por Von Choltitz. Ou a Ponte Vella de Mostar, símbolo para os bosníacos da presenza otomá, dinamitado en 1993 polos croatas (non impunemente: o comandante S. Praljak foi xulgado polo TPII por iso, entre outros cargos).

Pero máis alá das medidas de protección do patrimonio que as autoridades tomaron na nosa guerra, houbo iniciativas que excedían as compe-

Monuments Men

Soldados para salvar o patrimonio

JOAQUIM VENTURA

tencias e as garantías de éxito. Por exemplo, o rescate das pinturas murais de Sixena por Joan Subías e Josep Gudiol, comisionados pola Generalitat, despois que uns milicianos (locais ou forasteiros, tanto ten) queimasen este mosteiro aragonés (Subías presentara a Salvador Dalí nun artigo en Alfar en 1924).

E como xa lembramos tempo atrás nestas páxinas, a

Segunda Guerra Mundial foi ocasión propicia para que as tropas nazis espoliasen obras de propiedade pública e privada, especialmente en Francia. Co desembarco aliado, o exército norteamericano formou unha discreta unidade específica (os “monuments men”) para recuperar o patrimonio roubado polos nazis. Pero xa sabemos que unha flor non fai verán e a preocu-

pación polo patrimonio (menos se se trata do alleo) non formou parte das prioridades militares.

Xa vimos recentemente a facilidade coa que o Daesh recuperou a cidade de Palmira porque as tropas de Baixar Al Assad estaban máis preocupadas por render Aleppo. E se na primeira ocupación xa destruíron dabondo, a saber que estragos causará o seu desquite. Sen esquecer que de maneira semellante ao caso de Praljak, a Corte Penal Internacional condenou a Ahmad Al Mahdi pola destrución de mausoleos en Mali. Por vez primeira, estragar patrimonio foi considerado crime contra a humanidade.

Xa houbo presenza de especialistas incrustados nos exércitos occidentais nas recentes guerras de Oriente Próximo. Pero agora hai motivos para a esperanza. Neste ano

que comezamos, o exército británico vai constituír unha brigada formada por especialistas co obxectivo de protexer e conservar os tesouros artísticos presentes en zonas de conflito, especialmente hoxe Siria e Iraq.

O recrutamento será directo no Exército de Terra, na Royal Navy e na RAF que terán que coordinar as misións cos servizos secretos. Ademais de protexer o patrimonio in situ, terán que procurar neutralizar as redes de contrabando que alén de espoliar, permiten o financiamento das forzas irregulares e terroristas. A formación desta unidade non fai senón cumprir—cousa que ningún Estado fixo—o que establece a Convención da Haia de 1954 sobre protección de obxectos artísticos, cuxo artigo 7 insta á “cooperación dos militares coas autoridades civís” para tal obxectivo.

ARTE: SOROLLA,
TERRA ADENTRO / PÁX. VIII

ENTREVISTA COA ACTRIZ MABEL RIVERA,
VICEPRESIDENTA DA AAAG/ PÁX. V

TEATRO: DAVID MAMET
E OLEANNA / PÁX. VIII